



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de
fin de grao

Contribución ao estudo
da entoación do galego:
variación dialectal e
contacto lingüístico

Autora: Sara Filgueira Lorenzo

Directora: Elisa Fernández Rei

Curso 2014/2015

Grao en Lingua e Literatura Galegas
Xullo 2015

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de
fin de grao

Contribución ao estudo
da entoación do galego:
variación dialectal e
contacto lingüístico

Sinatura da autora

Sara Filgueira Lorenzo

Sinatura da directora

Dra. Elisa Fernández Rei

Grao en Lingua e Literatura Galegas
Xullo 2015

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Marco teórico.....	6
2.1. Entoación	6
2.2. Contacto lingüístico e transferencia prosódica.....	8
2.3. Neofalantismo	9
3. Antecedentes no estudo da entoación do galego	11
4. Análise do corpus.....	16
4.1. Metodoloxía	16
4.1.1. Puntos de enquisa e informantes	16
4.1.2. Adquisición dos datos	18
4.1.3. Tratamento dos datos	19
4.2. Análise e descrición dos padróns entoativos.....	21
4.2.1. Interrogativas totais neutras	21
4.2.2. Interrogativas parciais neutras.....	28
4.2.3. Interrogativas totais imperativas.....	37
4.2.4. Interrogativas parciais imperativas	41
4.2.5. Interrogativas totais de petición	47
5. Conclusións	54
6. Bibliografía.....	58
7. Apéndices	62
7.1. Informantes	62
7.1.1. Galegofalantes de lingua inicial galego	62
7.1.2. Galegofalantes de lingua inicial castelán	63
7.2. Cuestionario	64

1. Introducción

O presente traballo pretende ser unha contribución ao estudo da prosodia do galego en relación co contacto lingüístico galego-castelán. Concretamente, prestarémoslle atención á entoación dos enunciados interrogativos nas galegofalantes de lingua inicial galego e de lingua inicial castelán da Costa da Morte, por tratarse dunha área xeográfica na que a entoación desta modalidade oracional diverxe do padrón común ou estándar, como teñen sinalado algunhas estudosas (Fernández Rei e Escourido 2008, Escourido 2009). O noso principal obxectivo é coñecer que procesos de transferencia prosódica se están a producir. Para iso, realizaremos unha análise e comparación dos padróns entoativos que presentan estas falantes, co fin de atopar diferenzas e semellanzas entre eles e de coñecer cal é a variedade lingüística que toman como modelo para as oracións interrogativas os neofalantes desta área: o galego estándar, o castelán estándar ou a variedade dialectal propia. Dos tres parámetros relevantes no estudo da entoación dunha lingua (a frecuencia fundamental, a duración e a intensidade), centrarémonos unicamente na análise das variacións da frecuencia fundamental, por ser considerada o índice máis importante pola maioría dos autores. Prescindimos, polo tanto, da análise da duración e da intensidade, aínda sabendo que son importantes, posto que o estudo dos tres parámetros sería dificilmente asumible nun traballo destas características.

O noso segundo obxectivo é intentar delimitar a área xeolingüística do padrón descrito por Escourido (2009) para Camelle. Para isto, establecemos unha serie de puntos de enquisa próximos a este lugar nos que recollemos datos para a súa posterior análise. Neste caso, tomamos como referencia o material obtido das falantes nativas de galego. Con todo, a información e as conclusións que ofrecemos neste estudo non deben interpretarse como resultados definitivos, posto que sería necesario contar con datos de máis falantes, ou cun maior número de realizacións, e cunha rede de puntos de enquisa máis extensa. A información aquí exposta debe ser considerada como unha aproximación aos padróns interrogativos das galegofalantes e das neofalantes da Costa da Morte e como un complemento a outros traballos. Cómpre sinalar tamén que esta achega non pretende en absoluto presentarse como un estudo de carácter normativo, senón como unha descrición de modelos entoativos reais e representativos dunha variedade dialectal.

A xustificación deste traballo non é outra que a escaseza de estudos monográficos sobre a entoación dos neofalantes e, en última instancia, a necesidade deste tipo de achegas que contribúan ao estudo sistemático da prosodia dialectal do galego, á cal, ata fai relativamente pouco tempo, se lle prestou unha escasa atención.

Para a realización deste estudo empregamos un corpus inducido, constituído por distintos tipos de enunciados interrogativos (neutros, non neutros, disxuntivos, exclamativos, imperativos, confirmatorios, retóricos etc.), mais por motivos de tempo e espazo vímonos obrigadas a facer unha selección. Finalmente, as interrogativas estudadas foron as seguintes, clasificadas en función da súa forza ilocutiva:

- **interrogativas neutras ou informativas:** caracterízanse pola imparcialidade do falante, que fai unha pregunta para obter unha información que ignora e que cre que pode coñecer o seu interlocutor.
- **interrogativas imperativas:** trátase de preguntas mediante as cales o falante manifesta un mandato, orde ou rogo.

interrogativas de petición: como o seu nome indica, mediante estas preguntas pídeselle algo ao receptor.

Dentro destes grupos distinguimos as **interrogativas totais** das **parciais**. As primeiras, tamén denominadas absolutas, piden a afirmación ou a negación dunha locución e adoitan responderse con *si* ou *non* (*Estás na casa?*, *Vés cear connosco hoxe?*). No caso do galego este tipo de interrogativas non se marca gramaticalmente. O único mecanismo existente é a inversión do suxeito, que, en todo caso, é opcional. Pola contra, as oracións interrogativas parciais, tamén denominadas relativas, preguntan por unha parte concreta da información que se descoñece (*Onde estás?*, *Cando vés cear connosco?*). Estas oracións márcanse gramaticalmente mediante un pronome interrogativo no comezo (*que*, *quen*, *cando*, *como*, *por que* etc.).

Estrutturamos o corpo do noso traballo en cinco bloques: 1. Introducción, 2. Marco teórico, 3. Antecedentes no estudo da entoación do galego, 4. Análise do corpus e 5. Conclusións. Nesta introdución facemos unha breve presentación do traballo, na que, entre outras cousas, damos conta dos obxectivos que pretendemos acadar e dos motivos que nos levaron á súa realización e indicamos os tipos de interrogativas que estudamos. O segundo bloque dividímolos en tres epígrafes: no primeiro definimos algúns conceptos teóricos relacionados coa entoación, no segundo centrámonos na cuestión do cambio

lingüístico e describimos os principais procesos de cambio prosódico que este orixina e no último prestámoslle atención ao fenómeno do *neofalantismo*. No terceiro bloque facemos unha revisión dos traballos previos cos que contamos no estudo da entoación do galego. O apartado 4 divídese en dúas seccións: na primeira, dedicada á metodoloxía, damos conta do tipo de corpus empregado, da maneira na que se levou a cabo a selección das informantes e dos puntos de enquisa e de como se realizou a adquisición e o tratamento dos datos; na segunda, xa especificamente descritiva, analizamos os enunciados interrogativos neutros totais (epígrafe 4.2.1.) e parciais (4.2.2.), as interrogativas imperativas totais (4.2.3.) e parciais (4.2.4.) e as interrogativas totais empregadas para realizar peticións (4.2.5.). Por último, na sección dedicada ás conclusións, expoñemos os resultados obtidos e propoñemos algunhas suxestións para posibles estudos futuros. Incluímos finalmente un apartado coa bibliografía empregada e un apéndice onde se recollen os datos correspondentes a cada informante e o cuestionario completo que empregamos nas enquisas.

2. Marco teórico

2.1. Entoación

Antes de comezar este estudo, cómpre deixar claros unha serie de conceptos teóricos previos, empezando pola propia noción de entoación. Denomínase **entoación** a “les inflexions melòdiques de la veu, la línia melòdica amb què els parlants pronunciem els enunciats” (Prieto 2002: 15). Esta autora distingue tres funcións da entoación:

1. **Función expresiva:** permite expresar as intencións do emisor e mostrar a súa actitude con respecto a unha situación comunicativa. Deste xeito, mediante a entoación, o falante pode indicarlle ao receptor, por exemplo, que finalizou o seu discurso ou que vai continuar, que está enfadado, que dubida sobre a información que está dicindo etc. Esta función pode ser considerada a función principal.
2. **Función demarcativa:** posibilita que o falante separe os elementos dos enunciados e organice o seu discurso, de maneira que o receptor poida interpretar correctamente a mensaxe. Como veremos máis adiante, estas unidades nas que o emisor divide o seu discurso reciben o nome de *unidades tonais*.
3. **Función focalizadora:** permite xerarquizar a información. Así, por medio da prosodia, o emisor marca a información que considera central no seu discurso para que o receptor se fixe nela.

Para comprender a relevancia da entoación na prosodia do galego debemos comezar sinalando que o galego, ao igual que as outras linguas romances, é unha **lingua entoativa**, xa que nela o ton non ten función distintiva de tipo léxico ou gramatical, como acontece na linguas tonais, senón que serve para achegar unha serie de matices e significados adicionais importantes para a interpretación. Deste xeito, por medio do ton podemos distinguir as diferentes modalidades oracionais, por exemplo, permítenos interpretar se un enunciado é unha afirmación (*Tes fame*) ou unha interrogación (*Tes fame?*), e mesmo recoñecer unha variedade dialectal.

O **ton** (en inglés *pitch*) é unha propiedade perceptiva do son e a el correspóndelle unha propiedade acústica principal, a frecuencia fundamental, que é a responsable da nosa

percepción do ton. A **frecuencia fundamental** (F0) é “la freqüència vibratòria de les cordes vocals produïda durant el període fonatori i es mesura en cicles per segon o hertz (1 Hz = 1 cicle per segon, 1 cps)” (Prieto 2002: 25). Canto maior sexa a velocidade vibratoria das pregas vocais, máis agudo é o ton e, en consecuencia, canto máis baixa sexa a frecuencia, máis grave será. Esta velocidade é inversamente proporcional á lonxitude e grosor das pregas.

Xeralmente, as mulleres presentan unha media frecuencial máis alta que os homes, isto é, unha tesitura máis aguda. A **tesitura** (tamén denominada *rango*, *campo tonal* ou *amplitude tonal*) é o espazo tonal que adoita cubrir a voz de cada falante en situacións normais. Habitualmente, a tesitura dos homes comprende entre os 80 e os 200 Hz, mentres que a das mulleres abrangue dos 180 aos 400 Hz (Prieto 2002: 26). Os conceptos de *tesitura* ou *rango* deben distinguirse do de **rexistro tonal**, que é o uso que fai o falante dunha altura baixa, media ou alta da súa tesitura coa intención de transmitir un significado determinado (Prieto e Cabré 2013). Polo tanto, o *rango* é un concepto máis amplo que o *rexistro*, pois refírese ao intervalo que contén os valores comprendidos entre o máximo e o mínimo tonais dun falante en calquera situación, mentres que o *rexistro* fai referencia a un punto concreto da secuencia.

Como xa dixemos anteriormente en relación coa función demarcativa da entoación, na lingua oral, o falante organiza o seu discurso en unidades tonais, en función de diversos factores: a velocidade de elocución, a sintaxe do enunciado, a lonxitude dos constituíntes, a estrutura informativa e a configuración acentual (Prieto 2002: 40-43). A **unidade tonal** (que recibe numerosas denominacións, tales como *unidade melódica*, *unidade de entoación*, *frase entoativa*, *grupo tonal*, *grupo melódico*, *grupo de entoación* etc.) pode ser definida como “un domini prosòdic percebut com un grup d’emissió relativament autònom que es distingeix essencialment per la presència d’un contorn melòdic que integra els elements que en formen part i alhora els separa de la resta d’unitats del discurs” (Prieto 2002: 37). O criterio que se usou tradicionalmente para sinalar o límite entre unidades tonais é a presenza dunha pausa, mais actualmente sabemos que os enunciados se poden organizar en varios grupos de entoación sen que exista necesariamente unha pausa entre eles. As unidades tonais non son indivisibles, senón que presentan unha estrutura interna. Así, dentro de cada unidade tonal, podemos identificar un constituínte central obrigatorio que vertebra a melodía e que recibe o

nome de **configuración nuclear** ou **tonema**. O tonema comprende a parte final do contorno, dende a última sílaba tónica ata o fin do enunciado. Á súa vez, o tonema está composto por un **núcleo**, que se corresponde coa última sílaba tónica, e un **codá**, formada polas sílabas postónicas (Prieto 2002: 49-50).

Xunto aos conceptos anteriores, outra noción básica coa que traballaremos neste estudo é a de **modalidade oracional**, que pode ser definida como “un tipus sintáctic de categoría oracional que expresa una determinada posición del parlant respecte al propòsit de la comunicació” (Prieto 2002: 89). Xeralmente, distínguense tres modalidades oracionais:

- *modalidade declarativa*, que serve para informar ou afirmar
- *modalidade interrogativa*, empregada para preguntar ou pedir información
- *modalidade imperativa*, que serve para ordenar

Outro concepto importante empregado na análise da entoación das interrogativas é o de **declinación**, que fai referencia á tendencia descendente da frecuencia fundamental na parte final de moitos enunciados.

Finalmente, remataremos dando conta das representacións acústicas da entoación coas que traballamos neste estudo, que foron dúas, o oscilograma e o espectrograma. O **oscilograma** permite visualizar dúas magnitudes: a amplitude da onda sonora, representada no eixe de ordenadas, e o tempo, no eixe de abscisas. Pola súa banda, o **espectrograma** rexistra tres magnitudes: o tempo, representado no eixe de abscisas; a frecuencia, representada no eixe de ordenadas; e a intensidade, indicada mediante a escala de grises. Ademais, nas gráficas que empregamos aparecen representadas sobre o espectrograma de cada enunciado as correspondentes **curvas melódicas**, que reproducen o conxunto de variacións que experimenta a frecuencia fundamental.

2.2. Contacto lingüístico e transferencia prosódica

O concepto de **contacto de linguas** fai referencia a unha situación na que dúas ou máis variedades lingüísticas (lingua A e lingua B) conviven nun mesmo grupo social durante o mesmo período histórico. Esta convivencia provoca a transferencia de diversos elementos dunha lingua á outra, entre os que se atopan os trazos prosódicos. Como é

sabido, o contacto lingüístico pode producirse en contextos diversos e en cada un deles actúan distintos mecanismos de cambio prosódico. Nesta sección, seguindo a descrición de Roseano *et alii* (no prelo), imos ver rapidamente cales son estes contextos e os principais procesos de cambio entoativo que se producen en cada un deles.

Estes autores distinguen tres situacións prototípicas. A primeira delas é a que denominan de *diglosia adulta* e sería aquela na que os membros dunha comunidade adquiren a lingua A como lingua inicial por medio da socialización primaria e, nun segundo momento, aprenden unha lingua B como segunda lingua. O proceso que actúa neste contexto é a **transferencia directa**, que é o mecanismo polo cal un falante que aprendeu unha segunda lingua de maneira imperfecta lle transfere a esta variedade unha parte das características prosódicas da súa lingua inicial.

A segunda situación é a denominada como *bilingüismo difuso*, na que a gran maioría dos membros do grupo son falantes nativos das linguas A e B, aínda que a súa competencia lingüística poida ser distinta en cada variedade. O mecanismo que actúa neste contexto denomínano **fusión**, que fai referencia ao proceso polo cal os falantes bilingües mesturan os padróns entoativos das dúas linguas en contacto e producen un padrón diferente ao dos monolingües en cada unha das linguas.

Para rematar, estarían as situacións de *monolingüismo dentro dunha sociedade bilingüe*, que son aquelas nas que unha parte da sociedade é bilingüe e a outra é monolingüe. Neste contexto prodúcese un proceso de **transferencia indirecta**, polo cal os falantes dunha variedade lingüística adoptan algunhas características entoativas da variedade da mesma lingua empregada por outro grupo social. Este mecanismo recibe o nome de **acomodación**.

2.3. Neofalantismo

Neste punto consideramos adecuado facer unha breve aproximación ao fenómeno do *neofalantismo* e mostrar cal é a noción de neofalante que aquí se manexa. Seguindo a definición proposta por Ramallo (2013: 251), chamamos **neofalante de galego** a “unha persoa que aprendeu a falar en castelán, que tivo este como idioma familiar e que nalgún momento da súa vida decide falar só ou maioritariamente en galego”. Como

sinala este autor, trátase dun fenómeno que comeza en Galicia a comezos da década dos 80, como consecuencia dunha serie de transformacións relacionadas coa lingua producidas neste momento. Estas transformacións foron principalmente tres: a oficialización do idioma, o seu recoñecemento como elemento identitario central e a posta en marcha do proceso de estandarización.

O perfil do neofalante galego é o dunha persoa nova, procedente maioritariamente dun espazo urbano e concienciada coa situación lingüística do noso

idioma. O sorprendente deste fenómeno é que os falantes cambian a súa lingua materna, que é a que goza dun maior prestixio social, pola lingua minoritaria e minorizada. Como sinala Ramallo (2013: 259):

esta minoría activa está exercendo un papel relevante na transformación das ideoloxías e das prácticas lingüísticas. [...] Como grupo innovador, as prácticas dos neofalantes están chamadas a exercer influencia sobre o resto da sociedade, converténdose non elo fundamental no futuro do idioma galego. Cómpre, pois, reflexionar e actuar a partir deste movemento minoritario, investigándoo, fomentándoo, formándoo e prestixiando as súas prácticas, na medida en que aceptemos que sen neofalantes é difícil albiscar unha solución favorable para a lingua.

3. Antecedentes no estudo da entoación do galego

Como teñen sinalado xa algúns autores (Fernández Rei 2005), ata fai relativamente pouco tempo prestóuselle unha escasa atención ao **estudo da entoación do galego**. Podemos considerar como precursores dous artigos que viron a luz na década dos 70, Prieto Alonso (1972) e Carril (1973), sendo este último o que máis afondou no tema en cuestión. Neste traballo, Carril ocúpase do estudo da entoación de diferentes modalidades oracionais e ofrece espectrogramas obtidos a partir dun amplificador de escalas. Realiza unha análise configuracional e de niveis, distinguindo tres niveis de ton (/1, 2, 3/) e dúas xunturas terminais (descendente e ascendente) e caracteriza os contornos das interrogativas por presentar unha xuntura terminal descendente e unha forte elevación do ton sobre as sílabas iniciais, afirmando que este último trazo é o que as distingue das afirmativas (Carril 1973: 99).

Poucos anos despois, Porto Dapena (1977) inclúe no seu libro un breve capítulo dedicado á entoación (Porto Dapena 1977: 41-49). Obtén todo o material prosódico en Pantín e recolle mostras espectrográficas realizadas a partir da súa propia voz, tomando como punto de referencia o décimo harmónico. No último epígrafe do capítulo estuda a entoación das distintas modalidades oracionais. Polo que respecta ás interrogativas, afirma que os seus contornos diverxen moito dos correspondentes casteláns e distingue catro esquemas de entoación posibles, caracterizados todos eles por comezar nunha frecuencia alta e rematar cunha frecuencia máis baixa que a do inicio.

Ata a década dos 90 non contamos con traballos monográficos sobre a prosodia. Nestes anos realízanse dúas memorias de licenciatura na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, dirixidas polo profesor Xosé Luís Regueira Fernández, dedicadas en exclusiva ao estudo da entoación. A primeira delas, Fernández Rei (1995), céntrase no estudo da entoación dos enunciados interrogativos. Obtén o material prosódico de oito informantes (catro homes e catro mulleres) procedentes de distintos puntos de Galicia mediante un cuestionario pechado e, a partir del, realiza unha descrición dos padróns entoativos máis comúns á maioría dos galegofalantes. Analiza distintos tipos de enunciados interrogativos, que, de maneira xeral, se poden agrupar en dous grandes conxuntos: enunciados cun único grupo de entoación e enunciados nos que aparecen polo menos dous grupos. Ao comezo do estudo do primeiro grupo,

compara tamén a entoación dos enunciados declarativos e interrogativos. No apartado dedicado ás conclusións sinálase que todos os informantes presentan, en xeral, padróns comúns, agás a informante de Camelle, que diverxe do modelo común nas interrogativas parciais e presenta un padrón próximo ao das totais. Isto leva á autora a considerar, como hipótese de traballo, a posibilidade de que se puidese tratar dun trazo dialectal (Fernández Rei 1995: 187). Un ano antes, Fernández Rei presentara en Oxford un traballo no que ofrecía os primeiros datos sobre a análise da entoación dalgúns enunciados interrogativos, totais e parciais (Fernández Rei 1997).

A segunda memoria de licenciatura da que falamos foi a de Sobrino Pérez (1997), que dous anos despois publicou un artigo cun resumo deste traballo (Sobrino Pérez 1999). A autora ocúpase do estudo da entoación dunha variedade dialectal do galego, concretamente a do Baixo Miño. Partindo esta vez dun corpus obtido a través dun cuestionario aberto, descríbense os padróns entoativos de distintas modalidades: enunciativas, interrogativas (parciais e totais), imperativas e exclamativas. Polo que se refire ás interrogativas, conclúese que, mentres as parciais presentan un esquema común a outras zonas, nas totais distínguense catro padróns que diverxen do modelo común á maior parte do territorio lingüístico do galego descrito previamente por outros autores (Carril 1973, Porto Dapena 1977, Fernández Rei 1995).

Xa no século XXI, o inicio do proxecto AMPER-Galicia no ano 2003 supuxo o comezo do estudo sistemático da prosodia galega en relación coa variación dialectal. As investigacións realizadas ata o momento ofrécennos datos sobre a prosodia de diferentes áreas xeográficas. A continuación, faremos unha breve revisión dalgúns dos traballos máis importantes.

As primeiras achegas das que temos constancia son as de Fernández Rei *et alii* (2005a) e Fernández Rei *et alii* (2005b), nas que se estuda a entoación da fala de Santiago de Compostela a partir dun corpus fixo experimental pensado para servir de base para a confección dun corpus definitivo para o proxecto AMPER. O material prosódico obtívose dunha informante do barrio de Santa María de Sar. Ambos os dous traballos se ocupan da análise das modalidades enunciativa e interrogativa. No primeiro, analízase a entoación de oracións con estrutura Suxeito+Verbo+Complemento e no segundo, botando man do mesmo corpus, estúdanse as estruturas (Núcleo+Modificador)+Verbo+Complemento.

Fernández Rei *et alii* (2007) comparan a entoación das interrogativas absolutas de Camelle e de Bueu, a partir dos datos obtidos por unha galegofalante nativa de cada un destes lugares. Analizan soamente as oracións de estrutura Suxeito+Verbo+Complemento, sen extensión no suxeito nin no complemento, e levan a cabo unha descrición dos principais índices acústicos (frecuencia fundamental, duración e enerxía). Conclúen que as interrogativas producidas nestas dúas áreas presentan unha entoación diferente entre si e distinta tamén da que fora descrita para Santiago de Compostela e sinalan as principais diferenzas (Fernández Rei *et alii* 2007: 313).

No 2008 ven a luz varios traballos. En Escourido *et alii* (2008) fálase da contribución do proxecto AMPER-Galicia no estudo da oralidade do galego. Infórmase sobre as investigacións que se estaban realizando sobre a prosodia dialectal e ofrécese algúns comentarios sobre as diferenzas na entoación das interrogativas de Camelle e do Grove en relación con outros puntos. En Fernández Rei (2008) preséntanse os primeiros resultados das investigacións levadas a cabo ata ese momento no marco do proxecto e inclúese información sobre a realización das interrogativas en distintas áreas dialectais. Conclúese que todo parece indicar que a entoación do galego é bastante unitaria, a pesar da existencia de numerosas variantes entoativas das interrogativas no litoral atlántico. No mesmo ano, en Fernández Rei e Escourido (2008) estúdase por primeira vez a variación diatópica existente na entoación das interrogativas totais en galego, centrándose no litoral. Seguindo a metodoloxía do proxecto AMPER, analizan oito puntos de enquisa e fan unha clasificación dos padróns entoativos en tres grupos: a variante común ou estándar, caracterizada “por un ascenso de la frecuencia fundamental asociado a la primera sílaba tónica, un nivel alto en el cuerpo de la frase y finalmente una caída brusca asociada a la última sílaba tónica hasta alcanzar la base tonal de la hablante” (Fernández Rei e Escourido 2008: 155); a variante propia de Camelle, caracterizada “por un descenso importante de la frecuencia fundamental sobre la última vocal tónica del sujeto [...] En las sílabas pretónicas es donde se encuentra el máximo tonal de la oración, mientras que el mínimo tonal aparece asociado a la última vocal tónica de la frase” (Fernández Rei e Escourido 2008: 158); e a variante característica do sur do litoral galego, caracterizada por un movemento circunflexo asociado ao tonema que xa fora sinalado en estudos anteriores (Sobrinho Pérez 1997, Sobrinho Pérez 1999).

No ano seguinte, Escourido (2009) céntrase exclusivamente na prosodia de Camelle, a partir dos datos obtidos dunha informante feminina natural deste lugar. Empregando os cörpera e a metodoloxía deseñados para o proxecto AMPER-Galicia, analízanse os principais índices acústicos da prosodia (frecuencia fundamental, duración e enerxía), centrándose na descrición do comportamento da frecuencia fundamental nas enunciativas neutras e nas interrogativas absolutas. Os resultados relativos ás interrogativas confirman os obtidos en Fernández Rei e Escourido (2008), isto é, que o comportamento desta modalidade neste punto xeográfico diverxe do do resto do territorio, caracterizándose por unha caída tonal brusca sobre a última sílaba tónica do suxeito.

Tamén no seo do proxecto AMPER, Fernández Rei (2011) estuda a declinación nos enunciados interrogativos totais e atopa dous padróns de entoación sen distribución dialectal, un con declinación e outro onde se suspende. Conclúe que a suspensión da declinación non é un índice necesario para interpretar un enunciado como interrogativo.

Recentemente tamén se levaron a cabo varios traballos nos que se comparou a prosodia do galego e do portugués (Fernández Rei e Moutinho 2006, Moutinho e Fernández Rei 2008, Moutinho *et alii* 2009). De maneira xeral, estes estudos indican que as variedades fronteirizas destas dúas linguas mostran unha maior proximidade entre elas que con respecto aos seus estándares correspondentes.

Finalmente, prestarémoslle atención aos traballos sobre a entoación do español de Galicia realizados ata o momento, dos que hai que dicir que son realmente escasos. Unicamente contamos con dúas achegas importantes: Castro (2003) e Pérez Castillejo (2012). Castro (2003) analiza a entoación dunha serie de enunciados en galego e en español de Galicia e compáraos con exemplos do español estándar. Emprega datos obtidos de gravacións de falantes galegos realizadas por investigadores do Intituto da Lingua Galega no marco do proxecto *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) e outras gravacións realizadas por ela mesma a falantes bilingües en galego e castelán, monolingües de castelán de Galicia e monolingües de castelán doutras áreas. A partir da análise destes datos, a autora ofrece uns resultados preliminares que sinalan a existencia dun acento tonal especial nas posicións finais dos enunciados do español de Galicia. Este trazo explicaría polo contacto co galego, xa que nesta lingua o descenso tonal que se produce no final dos enunciados é menos pronunciado que no español o que,

segundo a autora, provoca que os falantes doutras linguas interpreten que o falante non rematou a súa quenda.

Pola súa banda, Pérez Castillejo (2012), empregando unha metodoloxía sociofonética e o sistema métrico autosegmental, analiza as configuracións tonémicas que presentan as interrogativas totais neutras no castelán de Galicia co obxectivo de comprobar se, como resultado do contacto lingüístico galego-castelán, son as mesmas que aparecen nesta modalidade oracional no galego e, de ser así, se o uso pragmático é tamen o mesmo. Obtén o seu corpus de vinte e catro informantes castelanfalantes de diferentes idades procedentes de tres cidades galegas, a partir dunha enquisa de situacións e da lectura de frases fixas. Os resultados lévana a distinguir catro configuracións tonémicas distintas: dúas ascendentes, unha descendente e unha circunflexa. No apartado dedicado ás conclusións afirma o seguinte:

Los resultados revelan que entre aquellos hablantes cuyos padres y abuelos provienen de otras regiones de España o de zonas urbanas de Galicia, las interrogativas absolutas presentan configuraciones tonémicas similares - y con una distribución pragmática también semejante - a las encontradas en Madrid. En cambio, entre aquellos hablantes con un origen familiar más arraigado en la región se encuentran configuraciones tonémicas similares a las de Madrid, pero con un uso pragmático diferente. En particular se observa que el tonema descendente (propio de preguntas confirmatorias o imperativas en Madrid) y el tonema circunflejo (propio de vocativos y peticiones insistentes en Madrid) se usan en el contexto neutro de preguntas informativas en el castellano de Galicia. La explicación que este trabajo ofrece para esta diferencia en el uso de los tonemas descendente y circunflejo es el contacto histórico con el gallego (Pérez Castillejo 263).

4. Análise do corpus

Para levar a cabo o presente estudo utilizamos un corpus inducido obtido a partir dunha enquisa de situacións, baseada na adaptación que realizou a investigadora Elisa Fernández Rei das enquisas empregadas por Prieto e Cabré (2008-2012). Nesta enquisa, preséntanselle ao entrevistado unha serie de contextos cotiáns nos que se debe situar para producir enunciados espontáneos en estilo directo. O cuestionario final (vid. Apéndice 7.2., onde se reproduce o cuestionario completo) está formado por un total de 54 situacións que inducen a diferentes tipos de enunciados: 15 declarativas, 1 exclamativa, 32 interrogativas (15 absolutas, 11 parciais e 6 reiterativas), 3 imperativas e 3 vocativas. Decidimos gravar o cuestionario completo co fin de obter a maior cantidade de material prosódico posible, pero o noso obxectivo dende o comezo foi analizar unicamente a entoación dos enunciados interrogativos, pois a análise de todos os enunciados sería dificilmente asumible para un traballo destas características.

O obxectivo de empregar este tipo de enquisa era conseguir unha entoación o máis espontánea e natural posible, xa que as respostas correspondentes a cada situación non son fixas, senón que dependen da propia elección do informante, que debe intervir de acordo con cada situación.

4.1. Metodoloxía

4.1.1. Puntos de enquisa e informantes

Os puntos de enquisa seleccionados para a elaboración deste estudo foron escollidos coa intención de obtermos unha mostra representativa da entoación dos galegofalantes de lingua inicial galego e de lingua inicial castelán da subárea do Xallas, situada na área fisterrá do bloque occidental (F. Fernández Rei 2003), pois traballos anteriores sobre a entoación do galego (Fernández Rei e Escourido 2008, Escourido 2009) demostraron a existencia en Camelle (parroquia do concello de Camariñas) dun padrón entoativo das interrogativas totais que diverxe do padrón común ou estándar. Intentamos, pois, seleccionar puntos de enquisa próximos a Camelle, posto que o noso obxectivo era comprobar cal é o padrón entoativo que empregan como modelo os neofalantes desta área. Tamén nos interesaba intentar establecer isoglosas correspondentes a este padrón, mais debemos recordar de novo que a rede de puntos do traballo é bastante limitada.

Finalmente escollemos catro puntos dos seguintes concellos: Camariñas, Vimianzo, Zas e Dumbría. A nosa pretensión era incluír mostras de informantes de Camelle, porén, a imposibilidade de atopar neofalantes nativos deste lugar obrigounos a desbotar esta posibilidade.




Figura 1. Puntos de enquisa seleccionados.

A selección das informantes levouse a cabo tendo en conta varios criterios. O primeiro era escoller unha galegofalante tradicional e unha neofalante por cada punto de enquisa. As características que debían reunir estas informantes eran ser mulleres nativas destes lugares que residiran a maior parte da súa vida alí e con idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos. No caso das falantes de lingua inicial galega, procurouse que fosen representativas da súa variedade dialectal. A decisión de gravar soamente mulleres está motivada pola maior facilidade para confrontar contornos entoativos correspondentes a falantes do mesmo sexo.

Para levar a cabo a escolla das informantes, realizámoslles ás nosas posibles colaboradoras unha enquisa previa na que se lle preguntaban datos como a súa lingua inicial, a lingua habitual, a idade ou o seu lugar de orixe e de residencia. Isto permitiunos desbotar as falantes que non se axustaban ao noso perfil.

4.1.2. Adquisición dos datos

A gravación do material prosódico que constitúe o noso corpus levouse a cabo entre os meses de decembro de 2014 e marzo de 2015. En total gravamos doce informantes (mais dúas de proba), entre as que posteriormente escollemos as oito que consideramos máis adecuadas. Foron varios os lugares nos que se realizaron as gravacións, en función da dispoñibilidade de cada informante. Fundamentalmente gravamos en varias salas da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela ou nos propios domicilios das falantes. En calquera caso, procurouse que se tratase sempre de espazos pechados, cunhas dimensións non excesivamente grandes e illados de ruídos.

Para o rexistro das gravacións, que duran aproximadamente media hora cada unha, empregamos inicialmente unha gravadora Marantz PDM671, mais os resultados obtidos non foron satisfactorios, tendo mesmo que repetir o cuestionario completo con alguha das informantes, polo que finalmente usamos unha gravadora Tascam DR 100. Empregamos tamén dun micrófono de diadema Shure.

Gravouse individualmente a cada falante, ás que se lle pediu previamente o seu consentimento, que temos debidamente documentado. Antes de iniciar as gravacións, explicóuselles en que consistía a súa colaboración, aclarando que non se trataba de que empregasen un galego estándar, senón de producir enunciados segundo as súas realizacións dialectais. No inicio de cada entrevista, realizóuselles tamén unha pequena enquisa oral que nos proporcionou datos sobre distintas variables sociolingüísticas (idade, biografía lingüística, lugar de orixe e de residencia, lugar de orixe dos proxenitores etc.). Esta enquisa tiña dous obxectivos, por unha banda, permitíanos coñecer aquela información que non obtiveramos coa enquisa previa, e pola outra, axudábanos a iniciar coas informantes unha conversa fluída e a crear un ambiente no que se sentisen cómodas. Inmediatamente despois procedeuse á gravación do cuestionario. Intentamos explicarlles de forma clara ás informantes cada unha das situacións, poñendo atención en que as explicacións fosen as mesmas para cada unha delas, co fin de evitar que puidesen xurdir interpretacións diversas debidas a distintas contextualizacións. Porén, nos casos nos que as enquisadas non lograban producir enunciados naturais porque estaban condicionadas polo contexto comunicativo da entrevista, preferimos non limitarnos a ler as situacións e intentamos adaptalas á informante concreta (preguntándolle por persoas ou lugares que coñecía etc.). Cando os

enunciados obtidos non se adecuaban ao tipo de enunciado esperable para cada situación, as informantes non ofrecían unha resposta en estilo directo ou ben consideramos que as respostas non eran naturais, pedímoslles ás nosas colaboradoras repetir o enunciado en cuestión. Con todo, non sempre conseguimos os resultados desexables.

4.1.3. Tratamento dos datos

Como dixemos, logo de realizar todas as gravacións seleccionamos as correspondentes ás oito informantes (unha galegofalante tradicional e unha neofalante por cada un dos catro puntos de enquisa) que consideramos máis adecuadas. Unha vez feito isto, comezamos a segmentar os enunciados interrogativos producidos por cada unha delas, empregando o programa de edición de audio Audacity. Paralelamente, levamos a cabo a codificación dos arquivos de son resultantes. A cada arquivo asignámoslle unha etiqueta composta polos seguintes caracteres: unhas letras maiúsculas que indican a lingua inicial da informante gravada (GAL no caso do galego e CAST no caso do castelán), dous díxitos que indican o punto de enquisa (01 = Zas, 02 = Dumbría, 03 = Camariñas, 04 = Vimianzo) e, por último, outros dous díxitos precedidos dun guión baixo que indican a situación do cuestionario á que corresponde o enunciado. Por exemplo, o arquivo CAST01_18 contería o enunciado producido pola neofalante de Zas correspondente ao contexto 18 do cuestionario. Neste punto, realizamos unha primeira selección dos enunciados, desbotando aqueles que consideramos pouco espontáneos e, por suposto, os que contiñan ruídos. Naqueles casos nos que dispoñiamos de máis dunha resposta correspondente a unha determinada situación producidas por unha mesma falante, descartamos as que consideramos menos naturais e quedamos coas máis representativas.

Tras a selección inicial, que reduciu significativamente a nosa mostra, clasificamos os enunciados segundo estivesen constituídos por un único grupo melódico ou por máis, coa intención de estudar só os primeiros. Esta segunda criba permitiunos obter o noso corpus final, integrado por un total de cento cincuenta e sete arquivos de audio correspondentes a outros tantos enunciados interrogativos de distintos tipos. Unha vez fixado o corpus final pasamos ao estudo dos enunciados, empregando para iso o programa Praat, que permite obter os espectrogramas e oscilogramas dos sons e xerar as

gráficas das súas curvas melódicas. Coa axuda deste programa e de tres *scripts* creados polo Laboratorio de Fonética da Facultade de Filoloxía da Universidade de Barcelona, preparamos os arquivos de audio para a súa posterior análise. O primeiro que fixemos foi crear un TextGrid asociado a cada un destes arquivos, que nos permitiu segmentar e etiquetar os sons. Para isto empregamos os *scripts* Elvira García (2013a), que xera de maneira automática os TextGrids de todos os arquivos de audio dunha carpeta, e Elvira García (2013b), que permite corrixir os TextGrids xa creados e gardar as modificacións realizadas. Deste xeito, a partir do oscilograma e do espectrograma xerados polo programa, realizamos unha transcripción ortográfica de cada un dos enunciados e identificamos e transcribimos foneticamente as vogais de cada oración. Na transcripción ortográfica optamos por non marcar a gheada e o seseo, posto que se trata de dous fenómenos que as informantes presentan de xeito sistemático e que non inciden na entoación. Polo que respecta á transcripción fonética das vogais, optamos por unha transcripción ancha. O principal problema que atopamos neste punto foi a delimitación das vogais átonas finais, xa que moitas delas son xordas e non aparecen no espectrograma ou teñen moi pouca intensidade.

A continuación, xeramos as gráficas dos contornos entoativos de cada enunciado coa axuda do *script* Elvira García e Roseano (2014), que permite crear e gardar automaticamente as representacións correspondentes a todos os arquivos de son dunha carpeta. Nestas imaxes, a parte superior está ocupada polo oscilograma da secuencia; o gráfico central representa a curva de F0 e o espectrograma; e na parte inferior temos, aliñadas co gráfico, a transcripción ortográfica do enunciado completo e a transcripción fonética das vogais. Nesta altura batemos con outro problema relacionado coa calidade da voz das informantes, pois algunhas delas presentaban unha voz rota (en inglés, *creaky voice*), o que provoca que o programa Praat erre no cálculo de F0. Isto obrigounos en moitos casos a ter que facer unha reconstrución da curva melódica.

Finalmente, procedemos á análise dos enunciados a partir das gráficas obtidas e dos seus correspondentes audios, que se poden consultar no CD-ROM anexo a este traballo. Realizamos unha análise global de todas as interrogativas que constitúen o corpus, mais por motivos de tempo e espazo, centrámonos nos tipos indicados na Introducción.

4.2. Análise e descrición dos padróns entoativos

A partir do material prosódico obtido e axudándonos das súas correspondentes gráficas, tentaremos identificar e describir os padróns entoativos que aparecen nos distintos tipos de interrogativas estudadas. Para levar a cabo esta descrición, agruparemos as nosas informantes segundo sexan falantes nativas de galego ou neofalantes, pois consideramos que todos os puntos de enquisa escollidos pertencen a unha única área dialectal e que a variable xeográfica non ten, en principio, demasiada relevancia. O noso interese principal é comparar a entoación das galegofalantes de lingua inicial galega coa das que teñen como primeira lingua o castelán. Con todo, dentro de cada grupo, sinalaremos as diferenzas que atopemos en función do lugar de orixe das falantes.

4.2.1. Interrogativas totais neutras

Nesta primeira sección analizaremos a entoación dos enunciados interrogativos totais neutros producidos polas nosas informantes, que se corresponden coa situación 17 do cuestionario (vid. Apéndice 7.2.), na que se lles pedía ás falantes que imaxinasen que entraban nunha tenda na que nunca entraran antes e preguntasen se tiñan laranxas.

4.2.1.1. Galegofalantes de lingua inicial galego

Logo de analizar individualmente os contornos das interrogativas totais neutras producidas por cada unha das informantes, comprobamos que presentan unha entoación bastante uniforme. Aparecen dous padróns distintos, que en realidade parece máis adecuado consideralos dúas variantes dun mesmo padrón, cuxa principal diferenza reside no aliñamento do máximo tonal.

Padrón 1a

Este é o modelo que aparece nos enunciados das falantes de Zas e de Dumbría. A continuación reproducécese o contorno correspondente á realización da falante de Zas, que exemplifica este padrón.




Figura 2. Contorno entoativo da oración interrogativa total neutra *Tedes laranxas?* producida pola galegofalante tradicional de Zas.

Como observamos na Figura 2, o contorno iníciase nunha tonalidade media ou medio-alta da tesitura da falante e mantense neste ton uniforme durante o seu corpo inicial. No comezo da sílaba pretónica da última palabra do enunciado prodúcese un acusado ascenso da F0, ata alcanzar o máximo tonal da oración na vogal pretónica. A continuación iníciase un descenso brusco do ton sobre a sílaba tónica e o corpo final da pregunta continúa nun ton baixo. A Figura 3 representa de maneira esquemática a configuración final deste modelo entoativo. Nela, o rectángulo da esquerda correspóndese coa sílaba anterior á pretónica da última palabra do enunciado, o segundo recadro representa a pretónica, o rectángulo sombreado indica a sílaba tónica e o da dereita representa a postónica.




Figura 3. Representación esquemática do padrón 1a das interrogativas totais neutras producidas polas galegofalantes de lingua inicial galego.

Este modelo que acabamos de describir coincide, en principio, co descrito en Fernández Rei e Escourido (2008: 158) para as interrogativas totais de Camelle. Estas autoras caracterizan a entoación destes enunciados por un forte descenso da F0 asociado á última vogal tónica do suxeito e sinalan que o máximo tonal da oración se sitúa sobre as sílabas pretónicas. Tamén en Escourido (2009: 93-95) se afirma o seguinte respecto das interrogativas con suxeito e complemento simples producidas por galegofalantes de Camelle:

A liña melódica do suxeito ten relación coa posición do acento no substantivo, en canto a que se produce un forte descenso de frecuencia sempre asociado á súa sílaba tónica. Hai polo tanto unha distancia tonal importante entre a(s) sílaba(s) pretónica(s), nas que se sitúa o máximo tonal da oración, e a(s) postónica(s), que adoitan manter o ton baixo alcanzado pola caída da tónica.

Polo que se refire ás oracións con extensión no suxeito (aquelas nas que o suxeito se compón dun núcleo e un modificador), indícase que a caída tonal se produce na sílaba tónica do adxectivo modificador, é dicir, de novo na última sílaba tónica do suxeito (Escourido 2009: 95-96).

Parece, polo tanto, que este modelo descrito para as interrogativas totais de Camelle é o mesmo que aparece nas interrogativas das nosas informantes, pois o movemento da curva é semellante, pero, mentres que nos enunciados analizados por Fernández Rei e Escourido (2008) e Escourido (2009) aparecía aliñado co suxeito, nos nosos exemplos (que teñen suxeito elíptico) está aliñado co complemento. Mais cómpre deixar claro que esta identificación dos padróns é só unha suposición, pois sería necesario levar a cabo máis investigacións.

Padrón 1b

Este contorno rexístrase nos enunciados das informantes de Camariñas e de Vimianzo. Caracterízase, *grosso modo*, por un ascenso gradual da F0 ata chegar ao máximo tonal do enunciado, que se atopa na sílaba anterior á pretónica da última palabra da oración (que neste caso corresponde coa sílaba postónica da primeira palabra), unha caída brusca do ton asociada á sílaba pretónica e á parte inicial da tónica e un ton baixo uniforme dende este punto ata o final. A Figura 4 mostra unha realización da falante de Camariñas que exemplifica este modelo.




Figura 4. Contorno entoativo da oración interrogativa total neutra *Tendes naranxas?* producida pola galegofalante tradicional de Camariñas.

Como vemos, o comportamento da F0 é moi semellante nas dúas variantes, a única diferenza é que no padrón 1b a posición do máximo tonal adiántase unha sílaba. Así, mentres que as informantes de Zas e de Dumbría alcanzaban a frecuencia fundamental máis alta do enunciado na vogal pretónica da última palabra, as informantes de Camariñas e de Vimianzo fano na sílaba anterior e, en consecuencia, o descenso da F0 xa comeza na pretónica, se ben é certo que na parte inicial desta sílaba o movemento descendente é menos pronunciado e a caída brusca está asociada á parte final e ao

comezo da tónica. Polo que respecta ao corpo inicial e final deste padrón, é idéntico ao das informantes de Zas e de Dumbría: no inicio prodúcese un ascenso do ton ata alcanzar o máximo tonal e a parte final do enunciado mantense nun ton baixo uniforme. A Figura 5 dá conta do aspecto que presenta este modelo. A distribución dos recadros é a mesma que a que indicamos para a Figura 3.




Figura 5. Representación esquemática do padrón 1b das interrogativas totais neutras producidas polas galegofalantes de lingua inicial galego.

4.2.1.2. Galegofalantes de lingua inicial castelán

Polo que respecta ao grupo das neofalantes, cómpre dicir en primeiro lugar que o material prosódico co que contamos é moi limitado, pois os datos recollidos das informantes de Dumbría e de Camariñas correspondentes ao contexto de interrogativa total neutra non resultaron aptos para ser usados na análise, posto que a realización dunha das falantes presentaba ruídos e na da outra percíbese unha pausa que fai que o enunciado sexa sospeitoso de ser pouco natural. Isto obrigounos a considerar unicamente as informantes de Zas e de Vimianzo. Despois de analizar os enunciados destas informantes, comprobamos que a realización da neofalante de Zas presenta un contorno entoativo similar ao padrón 1a das falantes nativas de galego, isto é, un ascenso da F0 ata o comezo da vogal pretónica da última palabra do enunciado, na que se sitúa o máximo tonal da oración, e unha caída brusca sobre a sílaba tónica, de maneira que a postónica se mantén nun ton baixo uniforme, como podemos observar na Figura 6.




Figura 6¹. Contorno entoativo da oración interrogativa total neutra *Tedes laranxas?* producida pola neofalante de Zas.

A única diferenza atopámola na parte inicial do contorno, pois, mentres que o padrón 1a comeza cun ton uniforme e posteriormente se produce o ascenso da F0, neste caso o ascenso empeza xa no inicio do enunciado. Na Figura 7 podemos observar unha estilización deste contorno.




Figura 7. Representación esquemática do contorno entoativo da interrogativa total neutra producida pola neofalante de Zas.

¹ Coidamos que o descenso da F0 que se aprecia na gráfica ao final da vogal tónica de *laranxas* está relacionado coa calidade da voz da falante, que presenta unha voz rota (en inglés, *creaky voice*). Por este motivo, non temos en conta este movemento e consideramos que o ton se mantén uniforme dende o final da sílaba tónica ata o final do enunciado.

Unha observación máis detida merece a realización da falante de Vimianzo, representada na Figura 8, xa que o seu contorno semella un híbrido entre o padrón 1a, característico de Camelle, e o padrón estándar das interrogativas totais neutras do galego.




Figura 8. Contorno entoativo da oración interrogativa total neutra *Tendes laranxas?* producida pola neofalante de Vimianzo.

Como comprobamos na gráfica superior, o contorno presenta as características propias do padrón 1a: o corpo inicial mantense nun ton uniforme, no comezo da sílaba pretónica da última palabra do enunciado prodúcese un ascenso da F0 ata alcanzar o máximo tonal, que está aliñado con esta sílaba, a continuación prodúcese un descenso brusco asociado á tónica e, finalmente, a pretónica mantense nun ton baixo. Pero, por outra banda, a diferenza que existe entre o valor da F0 na parte inicial e no máximo tonal non é demasiado grande, senón que o ton se mantén bastante uniforme ata a caída sobre a tónica. Isto aproxima este contorno ao padrón común, caracterizado por un nivel alto no corpo da oración e unha caída brusca asociada á última sílaba tónica (Fernández Rei e Escourido 2008: 155). Na Figura 9 confrontamos as representacións esquemáticas dos

contornos entoativos correspondentes á realización desta neofalante (liña continua), ao padrón estándar (liña discontinua) e ao padrón 1a (liña de puntos).




Figura 9. Comparación do contorno entoativo da interrogativa total neutra *Tendes laranxas?* producida pola neofalante de Vimianzo co padrón estándar do galego e co padrón 1a.

4.2.2. Interrogativas parciais neutras

Neste apartado imos estudar os padróns entoativos das interrogativas parciais neutras. Do material que constitúe o noso corpus, traballaremos cos enunciados correspondentes ás situacións 32 e 33 do cuestionario (vid. Apéndice 7.2.). Na primeira delas, as informantes debían pedirlle consello a un amigo sobre que regalo traerlle dunha viaxe a unha persoa que coñecían pouco pero coa que querían quedar ben. Na situación 33 tiñan que imaxinar que un amigo que se dedica a vender pisos lles contaba que vendera unha casa que levaba xa tempo á venda e debían preguntarlle quen a comprara.

4.2.2.1. Galegofalantes de lingua inicial galego

Despois de analizar por separado as interrogativas parciais neutras de cada unha das galegofalantes iniciais, comprobamos que presentan de forma sistemática un contorno descendente. A maioría dos exemplos comezan con algún tipo de elemento que precede o pronome interrogativo (*Ti que...?*, *E (a) quen...?*), mais para evitar introducir máis factores de variación, describiremos o contorno dos enunciados a partir deste pronome.

Os datos cos que contamos lévannos a identificar un único padrón xeral para estes enunciados, caracterizado por un descenso continuado dende o inicio da vogal tónica do pronome interrogativo, na que se sitúa o máximo tonal, ata o final da oración. Este descenso é máis acusado na sílaba que sucede ao pico tonal, que nos exemplos analizados corresponde sempre coa posición do pronome átono, e perde intensidade a partir deste punto, de xeito que o contorno tende á uniformidade no seu corpo final. Este

padrón aparece en cinco dos oito enunciados analizados, nas falantes de Dumbría, Zas e Vimianzo. As distintas realizacións poden presentar variacións puntuais, mais consideramos que non afectan ao aspecto xeral da curva. Na Figura 10 móstrase o contorno entoativo dunha das realizacións da falante de Zas, que, como dixemos, se repite noutros catro exemplos.




Figura 10. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial neutra *Ti que lle traerías?* producida pola galegofalante tradicional de Zas.

Na Figura 11 ofrécese unha representación estilizada deste padrón. O rectángulo da esquerda correspóndese co pronome interrogativo, o recadro central indica a posición do clítico e o último representa o verbo.




Figura 11. Representación esquemática do padrón xeral das interrogativas parciais neutras producidas polas galegofalantes de lingua inicial galego.

Este padrón xeral garda similitudes co descrito en Fernández Rei (1995) para as interrogativas parciais. En relación á entoación do enunciado *Cando vas vir?* esta autora afirma:

O patrón máis xeral caracterízase por comezar nun nivel moi alto por riba da FFM [Frecuencia Fundamental Media] (entre 59/88Hz nas mulleres [...] e entre 17 e 73Hz nos homes) para baixar a continuación sobre a seguinte sílaba tónica (sitúase entre 9 e 13Hz por debaixo da FFM nos homes, e entre 28 e 36Hz nas mulleres) e descender progresiva, aínda que lixeiramente, no núcleo tonal (Fernández Rei 1995: 103).

Como vemos, trátase do mesmo comportamento que atopamos nos nosos enunciados: un ton alto sobre a sílaba tónica do pronome interrogativo, un descenso importante a continuación e un descenso máis lixeiro na parte final. A diferenza é que no noso caso o descenso está asociado á sílaba que sucede ao máximo tonal, que é sempre átona.

No que se refire á outra realización que temos da falante de Vimianzo, observamos tamén esta caída brusca da F0 no seu corpo inicial e un descenso moito menos intenso, que tende á uniformidade, nas partes central e final do contorno. Porén, neste caso o descenso iníciase xa na primeira sílaba do enunciado, como podemos ver na Figura 12, e non no pronome interrogativo. Realmente, semella que neste exemplo *e logo* está funcionando como un pronome interrogativo, polo que estaríamos ante o mesmo padrón entoativo. Percíbese claramente que a interrogativa comeza neste segmento e, fronte ás realizacións anteriores nas que o núcleo tonal se situaba no pronome interrogativo, neste caso sitúase en *e logo*, é dicir, prodúcese un adianto do núcleo tonal.




Figura 12. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial neutra *E logo quen a comprou?* producida pola galegofalante tradicional de Vimianzo.

Polo que respecta aos enunciados producidos pola falante de Camariñas, presentan contornos que diverxen bastante do padrón que acabamos de describir, a pesar de seren tamén contornos descendentes, e que ademais mostan diferenzas entre eles. O contorno do enunciado *Ti que lle comprarías?*, reproducido na Figura 13, experimenta un acusado descenso sobre a vogal tónica do pronome interrogativo e a partir deste punto a F0 diminúe moi lixeiramente ata o final da oración².

² Baseándonos na análise auditiva deste enunciado, propoñemos esta reconstrución da curva melódica, pois consideramos que os descensos tonais que aparecen na gráfica no inicio da vogal do clítico e no final da sílaba tónica de *compraría* están motivados pola calidade da voz da falante. Porén, tomaremos este exemplo con cautela, porque induce a dúbidas.




Figura 13. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial neutra *Ti que lle comprarías?* producida pola galegofalante tradicional de Camariñas.

Na Figura 14 ofrecemos unha representación estilizada deste contorno, onde o recadro da esquerda representa a posición do pronome interrogativo.




Figura 14. Representación esquemática do contorno entoativo dunha das interrogativas parciais neutras producidas pola neofalante de Camariñas.

A outra realización que temos desta falante presenta un aspecto similar no seu corpo inicial, pero diverxe especialmente cara o final do enunciado. Como se pode observar na Figura 15, o contorno comeza tamén cun descenso da F0 asociado á sílaba tónica do pronome interrogativo. No centro da oración presenta unha entoación bastante plana e,

finalmente, prodúcese un descenso brusco da F0 sobre a sílaba tónica da última palabra e o ton mantense baixo dende este punto ata o final.




Figura 15³. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial neutra *Quen a comprou?* producida Pola galegofalante tradicional de Camariñas.

Na Figura 16 podemos observar unha representación esquemática deste contorno. O recadro da esquerda e o do centro representan, respectivamente, a posición do pronome interrogativo e o corpo central do enunciado e o recadro sombreado indica a sílaba tónica.




Figura 16. Representación esquemática do contorno entoativo dunha das interrogativas parciais neutras producidas pola neofalante de Camariñas.

³ Consideramos que o descenso da F0 que se aprecia antes da vogal tónica da última palabra está relacionado coa calidade da voz da falante (*creaky voice*), polo que non o tivemos en conta.

Fernández Rei (1995: 121) tamén atopa unha entoación similar no enunciado *A onde fuches onte pola tarde desde que saíches do traballo?* producido por unha informante de Camelle:

O comportamento de M1 no núcleo tonal tamén é moi distinto do resto dos informantes: en “traballar” vemos como se manteñen os valores por riba de FFM (entre 15 e 20Hz aproximadamente) ata o núcleo tonal onde descende bruscamente ata -45Hz ó final da tónica; e o comportamento é moi semellante cando o núcleo tonal está composto por unha sílaba tónica e unha átona, “traballo”, xa que tamén neste caso a curva de F0 se mantén por riba de FFM ata o final da pretónica en que baixa lixeiramente, -9Hz, para baixar de novo de maneira pronunciada sobre a tónica, algo menos de 40Hz.

4.2.2.2. Galegofalantes de lingua inicial castelán

Logo de analizar individualmente a entoación das interrogativas parciais neutras producidas polas nosas neofalantes, comprobamos que presentan maioritariamente un contorno descendente, ao igual que acontecía coas galegofalantes tradicionais, pero neste caso atopamos máis diversidade. Dos sete enunciados analizados, tres presentan o padrón xeral que identificamos para as falantes nativas de galego. A Figura 17 exemplifica este modelo, que aparece nas neofalantes de Vimianzo, Zas e Dumbría.




Figura 17. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial neutra *Ti que lle traerías?* producida pola neofalante de Vimianzo.

Como podemos observar, o pronome interrogativo está asociado a un valor de F0 alto e, a continuación, iníciase un descenso do ton, que perde intensidade a partir do final do clítico.

Outros dous enunciados, producidos polas neofalantes de Dumbría e Vimianzo, presentan un modelo caracterizado por un descenso continuo. A Figura 18 exemplifica este contorno.




Figura 18. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial neutra *E logo quen a comprou?* producida pola neofalante de Vimianzo.

Como vemos, o enunciado comeza nunha tonalidade media e sofre un descenso progresivo do ton dende o comezo ata o final. A diferenza de F0 entre o punto inicial e final non supera en ningún caso os 100 Hz.

Polo que respecta á neofalante de Camariñas contamos cunha única realización, reproducida na Figura 19. Como se pode apreciar, parece que esta falante presenta o mesmo contorno entoativo que atopabamos nunha das realizacións da galegofalante tradicional do mesmo lugar (vid. Figuras 15 e 16), caracterizado por un descenso da F0

sobre a sílaba tónica do pronome interrogativo, un ton uniforme no corpo central e, de novo, un descenso asociado á sílaba tónica da última palabra.




Figura 19. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial neutra *Ti que lle traerías?* producida pola neofalante de Camariñas.

Finalmente, contamos con outra realización da neofalante de Zas (Figura 20), na que observamos un contorno diferente dos que temos visto ata agora, xa que remata cun lixeiro ascenso da F0 sobre a sílaba átona final, como acontece nalgúns enunciados do castelán (Estebas-Vilaplana e Prieto 2010). Tamén no inicio diverxe dos exemplos anteriores, pois vemos que o máximo tonal non está aliñado co pronome interrogativo, senón co pronome átono.




Figura 20. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial neutra *Que lle traerías?* producida pola neofalante de Zas.

4.2.3. Interrogativas totais imperativas

A continuación describiremos os padróns entoativos dos enunciados interrogativos totais imperativos. Para levar a cabo esta análise tomaremos como base as gravacións que obtivemos en resposta á situación 28 da enquisa (vid. Apéndice 7.2.), nas que se lle pedía ás informantes que lle preguntasen aos seus sobriños pequenos se podían calar porque estaban facendo moito balbordo e non as deixaban escoitar a televisión.

4.2.3.1. Galegofalantes de lingua inicial galego

Debemos comezar dicindo que non posuímos datos da informante de Zas, pois os enunciados que produciu non semellan, en principio, imperativos, polo que preferimos deixalos á marxe. Contamos, polo tanto, só cos resultados das outras tres falantes.

Os contornos dos enunciados das informantes de Dumbría e Vimianzo caracterízanse por un un corpo inicial e central altos en lixeiro ascenso, un forte descenso da F0 sobre a sílaba tónica da última palabra da oración e un ton baixo dende este punto ata o final, como se pode ver na Figura 21, que exemplifica este modelo.




Figura 21. Contorno entoativo da oración interrogativa total imperativa *Non ides calar nunca?* producida pola galegofalante tradicional de Dumbría.

O enunciado da falante de Camariñas, representado na Figura 22, presenta unha configuración similar, pero neste caso o descenso da F0 inicia xa na sílaba pretónica da última palabra e continúa de maneira progresiva entre a pretónica e a tónica, intensificándose no final da tónica, onde se alcanza a base tonal da falante.




Figura 22. Contorno entoativo da oración interrogativa total imperativa *Ides calar?* producida pola galegofalante tradicional de Camariñas.

4.2.3.2. Galegofalantes de lingua inicial castelán

Polo que se refire ás falante que teñen como lingua materna o castelán, debemos aclarar tamén que os datos cos que contamos son moi limitados, xa que non obtivemos resultados satisfactorios da informante de Vimianzo e a única realización que temos da neofalante de Camariñas non parece un bo exemplo deste tipo de enunciado. Polo tanto, consideraremos unicamente os datos correspondentes ás neofalantes de Zas e de Dumbría.

O contorno entoativo correspondente á neofalante de Zas garda similitude co modelo das interrogativas totais de Camelle, caracterizado por un ascenso da F0 no comezo da sílaba pretónica do último enunciado, un máximo tonal na parte central ou final desta sílaba, un descenso acusado sobre a tónica e un ton baixo na postónica. A principal diferenza é que neste caso non temos un pico tonal nun punto determinado da sílaba pretónica, senón que toda ela se mantén nun ton alto despois dun progresivo aumento da F0 dende o comezo do enunciado. Por outra banda, neste caso concreto prodúcese un

fenómeno de compresión⁴, posto que o enunciado, reproducido na Figura 23, remata cunha palabra oxítone e iso provoca que o movemento que habitualmente se produce sobre as sílabas tónica e postónica se concentre neste caso na tónica. É dicir, realízase o mesmo movemento en menos espazo, polo que tanto o descenso da F0 como o mantemento do ton baixo final están asociados á sílaba tónica.




Figura 23. Contorno entoativo da oración interrogativa total imperativa *Ides calar?* producida pola neofalante de Zas.

A análise acústica do enunciado anterior, unido ao feito de que presente un contorno entoativo similar ao das interrogativas totais, lévanos a considerar que, dende o punto de vista da entoación, non estamos ante un enunciado imperativo. Porén, o significado da oración é necesariamente imperativo, xa que o emisor está preguntando algo que supón un custo para o receptor, mentres que para el só supón beneficio. Esta parece ser a explicación: a entoación non é imperativa porque non o necesita, xa que a estrutura empregada polo falante xa é unha orde por si mesma.

⁴ Seguindo a definición que se ofrece no glosario de (Prieto e Cabré 2013), denominamos *compresión tonal* ao “procés pel qual els tons es realitzen en interval de temps més curt. Per exemple, els tons de la configuració nuclear d’un enunciat que acaba amb una paraula aguda s’han de comprimir i realitzar en la mateixa síl·laba”.

Polo que respecta ao contorno entoativo correspondente á realización da neofalante de Dumbría, experimenta un ascenso da F0 asociado á sílaba tónica da primeira palabra e, posteriormente, descende sobre a postónica. A continuación prodúcese un movemento circunflexo sobre a pretónica da última palabra e o ton continúa descendendo ata a parte final da tónica, como vemos na Figura 24.




Figura 24. Contorno entoativo da oración interrogativa total imperativa *Vades calar?* producida pola neofalante de Dumbría.

4.2.4. Interrogativas parciais imperativas

Neste apartado prestarémoslle atención aos enunciados interrogativos parciais imperativos. O material analizado corresponde ás respostas que ofreceron as informantes en relación aos contextos 39 e 41 do cuestionario (Vid. Apéndice 7.2.). No primeiro deles, as entrevistadas tiñan que preguntarlle, medio enfadadas, a un dos seus irmáns cando lles faría o traballo que lle pediran porque xa llo pediran outras veces e non recibiran axuda del. No segundo debían preguntarlle a un coñecido moi pesado que quería logo de que este lles tirara da camisa por detrás repetidas veces.

4.2.4.1. Galegofalantes de lingua inicial galego

Unha vez examinadas as gravacións e as súas correspondentes gráficas de maneira individual, observamos que a entoación que presentan as nosas informantes neste tipo de enunciados é bastante uniforme, o que nos leva a identificar un modelo entoativo xeral. Este modelo común, exemplificado na Figura 25, caracterízase por un máximo tonal na sílaba tónica do pronome interrogativo e un descenso progresivo da F0 dende este punto ata o final do enunciado, alcanzando a base tonal na sílaba tónica final. Este é o padrón que se rexistra en tres dos cinco enunciados analizados, nas falantes de Dumbría e de Vimianzo.




Figura 25. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial imperativa *E cando mo vas facer!?* producida pola galegofalante tradicional de Dumbría.

A outra realización da informante de Vimianzo, representada na Figura 26, presenta tamén un contorno descendente, pero, mentres que no exemplo anterior o descenso do ton se iniciaba na vogal tónica do pronome interrogativo, neste caso a tónica mantense alta e relativamente plana e a caída comeza na postónica. Este descenso é máis acusado no intervalo entre o máximo tonal e o final da seguinte sílaba tónica e, a partir de aquí, perde intensidade e tende á uniformidade.




Figura 26. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial imperativa *Cando me vas face-lo traballo!?* producida pola galegofalante tradicional de Vimianzo.

Por último, o contorno que presenta a realización da informante de Zas tamén experimenta un descenso da F0 a partir da vogal tónica do pronome interrogativo ata o final do enunciado. Porén, como vemos na Figura 27, este descenso é menos intenso sobre a sílaba tónica do pronome, polo que o ton se mantén aínda alto no inicio da vogal tónica do verbo. A partir deste punto o descenso é máis forte.




Figura 27. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial imperativa *Que queres!?* producida pola galegofalante tradicional de Zas.

De maneira esquemática o aspecto que presenta este contorno sería o que vemos na Figura 28, na que o recadro da esquerda representa o pronome interrogativo, o do cento indica a sílaba tónica da última palabra e o da dereita sinala a postónica.




Figura 28. Representación esquemática do contorno entoativo da oración interrogativa parcial imperativa producida pola galegofalante tradicional de Zas.

4.2.4.2. Galegofalantes de lingua inicial castelán

Para analizar a entoación que presentan as neofalantes neste tipo de enunciados contamos só con datos de catro realizacións das informantes de Zas, Dumbría e

Vimianzo, pois vímonos obrigadas a desbotar tanto os restantes exemplos producidos por estas falantes como os enunciados da informante de Vimianzo, por non se percibir un carácter imperativo.

Logo de analizar por separado a entoación dos catro enunciados obtidos, verificamos que presentan de forma sistemática un contorno descendente e atopamos exemplos dos modelos que vimos no grupo das falantes nativas de galego. A realización da neofalante de Zas, representada na Figura 29, presenta unhas características similares ao contorno que identificamos como padrón xeral: máximo tonal aliñado coa vogal tónica do pronome interrogativo e descenso da F0 ata o final do enunciado, sendo máis intenso na parte inicial da última vogal tónica.




Figura 29. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial imperativa *Que queres?* producida pola neofalante de Zas.

As neofalantes de Dumbría e Camariñas presentan cada unha delas unha realización semellante á da informante de lingua inicial galego de Vimianzo (vid. Figura 26), pois o descenso do ton íniciase na vogal postónica do pronome interrogativo, onde se sitúa o máximo tonal, e é máis intenso sobre a seguinte sílaba tónica. A Figura 30 exemplifica

este modelo. Como vemos, prodúcese tamén un lixeiro movemento circunflexo sobre as vogais da última palabra do enunciado.




Figura 30. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial imperativa *Cando o vas facer?* producida pola neofalante de Dumbría.

Finalmente, o contorno do outro enunciado producido pola falante de Dumbría, representado na Figura 31, presenta un contorno similar ao da realización da galegofalante tradicional de Zas (Figura 27), aínda que non idéntico. O que semella máis interesante neste caso é o lixeiro movemento circunflexo que atopamos sobre a vogal tónica final.




Figura 31. Contorno entoativo da oración interrogativa parcial imperativa *Que queres?* producida pola neofalante de Dumbría.

4.2.5. Interrogativas totais de petición

Neste apartado imos ver cales son os principais padróns entoativos das interrogativas totais empregadas para facer peticións. Para isto, analizamos os datos correspondentes aos contextos 18, 29 e 30 da nosa enquisa (vid. Apéndice 7.2.). No primeiro, as informantes debían imaxinar que estaban cunha amiga nunha tenda de roupa e pedirlle que lles collese un abrigo colgado nun lugar alto ao que non lle chegaban. No contexto 29 tiñan que preguntarlle a un amigo se quería ir tomar algo con elas. Por último, no 30 debían ofrecerlles aos seus sobriños pequenos un caramelo. Nalgún caso vímonos obrigadas a prescindir dos enunciados correspondentes á situación 30, pois os resultados que obtivemos presentaban desviacións con respecto aos padróns entoativos maioritarios que consideramos que están condicionadas polo feito de que os receptores sexan nenos.

4.2.5.1. Galegofalantes de lingua inicial galego

Despois de analizar individualmente os contornos entoativos de cada un dos enunciados producidos polas falantes nativas de galego, identificamos dous padróns básicos para este tipo de oracións.

Padrón 1

Trátase do padrón estándar das interrogativas totais do galego, caracterizado, como vimos, por nun ton alto no seu corpo inicial (dende o comezo ata a sílaba pretónica da última palabra), un movemento fortemente descendente asociado á sílaba tónica final e un ton uniforme máis baixo que o do comezo na postónica. A Figura 32 exemplifica este modelo, que aparece en sete dos once enunciados analizados, nas falantes de Dumbría, Camariñas e Vimianzo.




Figura 32⁵. Contorno entoativo da oración interrogativa total de petición *Vamos tomar algo?* producida pola galegofalante tradicional de Dumbría.

⁵ Coidamos que o descenso do ton que aparece na parte final da vogal tónica do último enunciado está relacionado coa calidade da voz da informante, polo que non tivemos en conta este movemento e consideramos que o ton se mantén uniforme dende a parte central da vogal tónica ata o final do enunciado.

Padrón 2

É o modelo característico de Camelle, que xa atopamos nas interrogativas totais neutras. Rexístrase nas tres realizacións da informante de Zas. Na Figura 33 móstrase, a modo de exemplo, o contorno correspondente a unha delas.




Figura 33. Contorno entoativo da oración interrogativa total de petición *Cóllesme o abrigo?* producida pola galegofalante tradicional de Zas.

Como vemos, o máximo tonal sitúase na sílaba pretónica da última palabra do enunciado e a continuación prodúcese un descenso brusco asociado á sílaba tónica e a postónica mantense nun ton baixo. O segmento inicial mantense uniforme nun ton medio e a continuación prodúcese un incremento da F0 ata chegar ao máximo.

Por último, nunha das realizacións da falante de Dumbría, reproducida na Figura 34, atopamos un contorno que parece un híbrido entre o padrón estándar do galego e o modelo característico de Camelle, como acontecía coa realización da falante de Vimianzo correspondente ao contexto de interrogativa total neutra (vid. Figuras 8 e 9).




Figura 34. Contorno entoativo da oración interrogativa total de petición *Cóllesme ese abrigo?* producida pola galegofalante tradicional de Dumbría.

4.2.5.2. Galegofalantes de lingua inicial castelán

Polo que respecta aos enunciados producidos polas neofalantes, atopamos os dous padróns que aparecían no grupo das falantes que teñen como lingua materna o galego (Padróns 1 e 2) e un terceiro modelo distinto destes.

Padrón 1

Este padrón, semellante ao modelo estándar das interrogativas totais aparece en catro dos nove enunciados obtidos, sendo, polo tanto, o modelo maioritario. A Figura 35 exemplifica este contorno, que se repite nos enunciados das neofalantes de Zas, Vimianzo e Dumbría.




Figura 35. Contorno entoativo da oración interrogativa total de petición *Queredes un caramelo?* producida pola neofalante de Vimianzo.

Como vemos, o contorno parécese ao modelo común pero a diferenza reside en que, neste caso, o seu corpo central, a pesar de manterse nun ton alto, experimenta en conxunto un movemento ascendente progresivo ata a caída asociada á última sílaba tónica.

Padrón 2

Este padrón rexístrase nunha das realizacións da neofalante de Vimianzo e noutra da de Dumbría e correspondería co modelo das interrogativas totais característico de Camelle. Móstrase a continuación a modo de exemplo o contorno correspondente á informante de Vimianzo (Figura 36).




Figura 36. Contorno entoativo da oración interrogativa total de petición *Cóllesmo aí?* producida pola neofalante de Vimianzo.

Padrón 3

Trátase dun padrón descendente que se caracteriza por un ton alto ata a sílaba pretónica da última palabra e un descenso un pouco máis acusado, aínda que progresivo, a partir deste punto. O interesante deste contorno é que non se produce unha caída brusca sobre a última sílaba tónica do enunciado, senón que o descenso é gradual e continúa na postónica. Este modelo aparece en dúas realizacións da neofalante de Camariñas e noutra da informante de Dumbría. Na Figura 37 móstrase un destes exemplos.




Figura 37. Contorno entoativo da oración interrogativa total de petición *Pódesme coller o abrigo?* producida pola neofalante de Camariñas.

A Figura 38 mostra a representación estilizada deste padrón.




Figura 38. Representación esquemática do padrón 3 das interrogativas totais de petición.

5. Conclusións

As escasas mostras que obtivemos para a análise dalgúns dos tipos de enunciados estudados debido a diferentes factores (ruídos, problemas metodolóxicos, dificultade dalgunhas informantes para producir os enunciados esperables nun determinado contexto etc.), non nos permiten obter resultados concluíntes e definitivos sobre os padróns entoativos das neofalantes da Costa da Morte, pero si orientativos. En todo caso, os datos cos que contamos permítenos confrontar a entoación destas falantes coa das falantes de lingua inicial galego, que era o principal obxectivo do estudo. A seguir, retomaremos de maneira sintética os principais padróns entoativos identificados en cada grupo de falantes en relación a cada tipo de enunciado.

1. Comezando polas **interrogativas totais neutras**, no grupo das falantes de lingua inicial galega atopamos dúas variantes dun mesmo padrón, diferenciadas pola posición do máximo tonal. A primeira (padrón 1a), caracterízase por un ascenso da F0 ata acadar o máximo na sílaba pretónica da última palabra do enunciado, un descenso brusco sobre a tónica e un ton baixo dende este punto ata o final da oración. Como vimos, este padrón coincide, en principio, co modelo característico das interrogativas totais dos falantes de Camelle que xa fora descrito (Fernández Rei e Escourido 2008, Escourido 2009). Fronte a ela, na segunda variante (padrón 1b) o máximo tonal está aliñado coa sílaba anterior á pretónica e a caída brusca do ton está asociada á pretónica. Cómpre sinalar que, mentres que a variante 1a aparece nas falantes de Zas e de Dumbría, o modelo 1b rexístrase nas de Camariñas e Vimianzo, porén non contamos con datos suficientes para afirmar que estas variantes presentan distribución xeográfica. Polo que respecta ás neofalantes, os datos que temos son excesivamente limitados e non nos permiten obter resultados concluíntes, pero parecen indicar que, en principio, seguen os mesmos modelos entoativos que as galegofalantes tradicionais.
2. Nas **interrogativas parciais neutras** das falantes nativas de galego identificamos un padrón xeral que xa fora descrito en Fernández Rei (1995). Caracterízase por un máximo tonal na vogal tónica do pronome interrogativo e un descenso continuado dende este punto ata o final, sendo este descenso menos intenso a partir do final da sílaba que sucede ao pico tonal. Unicamente a falante

de Camariñas se afasta deste modelo e presenta dúas realizacións que tamén son un pouco diferentes entre si, pero debemos tomalas con cautela debido á calidade da voz da informante. Polo que respecta ao grupo das neofalantes, atopamos dous modelos entoativos principais: o que identificamos como padrón común no grupo das galegofalantes tradicionais (maioritario) e un modelo caracterizado por un descenso progresivo continuo. É interesante o resultado que obtivemos nunha das realizacións da neofalante de Zas, que se afasta destes modelos maioritarios e presenta un contorno cun final en ascenso, similar ao dalgúns enunciados do castelán.

3. Polo que se refire ás **interrogativas totais imperativas**, atopamos no grupo das galegofalantes tradicionais dous modelos similares. O padrón maioritario caracterízase por un corpo inicial e central altos en lixeiro ascenso, un descenso brusco asociado á sílaba tónica da última palabra e un ton baixo na postónica. No segundo modelo, que aparece unicamente na informante de Camariñas, tamén se alcanza a base tonal ao final da vogal tónica da última palabra, pero o descenso non é tan brusco sobre esta sílaba, senón que inicia xa na pretónica e repártese, intensificándose no final da tónica. No que respecta ás neofalantes, como vimos, os datos cos que contamos son moi limitados e non nos permiten identificar padróns entoativos comúns. Todo parece indicar que a entoación que presenta este grupo de falantes, en principio, non é moi distinta da que presentan as falantes de lingua inicial galega, pero non puidemos obter resultados concluíntes.
4. As **interrogativas parciais imperativas** das falantes nativas de galego presentan de maneira sistemática un contorno descendente. Identificamos un padrón xeral, que se caracteriza por un máximo tonal aliñado coa sílaba tónica do pronome interrogativo e un descenso progresivo dende este punto ata o final. No que atinxe ás neofalantes, comprobamos que tamén presentan unicamente contornos descendentes e atopamos exemplos similares aos das galegofalantes tradicionais.
5. Finalmente, polo que se refire ás **interrogativas totais empregadas para realizar unha petición**, no grupo das falantes de lingua inicial galega aparecen dous modelos entoativos: o padrón estándar das interrogativas totais do galego (maioritario) e o modelo característico de Camelle. No grupo das neofalantes

temos exemplos destes dous modelos, mais aparece un terceiro, caracterizado por un ton alto en lixeiro descenso ata o final da sílaba pretónica da última palabra e un descenso máis intenso (sen chegar a ser demasiado brusco) a partir deste punto. O interesante deste contorno é que non se produce unha caída brusca do ton sobre a sílaba tónica final, senón que se reparte.

Tendo en conta os datos anteriores, semella que, de maneira xeral, as neofalantes da Costa da Morte toman como modelo de entoación dos enunciados interrogativos os padróns propios do galego, tanto do galego estándar como da variedade dialectal propia desta área, e non os do castelán, pois unicamente contamos cunha realización que presenta unha entoación característica do español (vid. Figura 20).

En relación co noso segundo obxectivo, os datos analizados parecen confirmar que o modelo entoativo das interrogativas totais característico de Camelle non se rexistra só neste punto, senón que se estende polo territorio próximo. A nosa rede de puntos non é o suficientemente extensa para poder establecer as isoglosas correspondentes a este fenómeno, mais indícanos que este padrón entoativo se rexistra noutros puntos de Camariñas e nos concellos de Zas, Dumbría e Vimianzo. Con todo, é oportuno recordar nesta altura que a identificación do modelo característico de Camelle cos contornos que presentan os enunciados das nosas informantes é unha suposición que facemos ao comprobar que o movemento da curva entoativa é o mesmo nos dous casos. Sería necesario levar a cabo máis investigacións e contar con exemplos das nosas informantes producindo os mesmos enunciados que os do corpus obtido en Camelle.

Finalmente, gustaríanos deixar constancia da conveniencia de continuar estudando a entoación dos neofalantes desta área en investigacións futuras, posto que o noso corpus resultou escaso. Neste sentido, suxerimos revisar aqueles contextos do cuestionario que ofreceron máis problemas para a obtención dos tipos de enunciados desexados, especialmente as situacións pensadas para inducir a interrogativas imperativas e retóricas, posto que comprobamos que en moitas ocasións as falantes teñen dificultades para producir enunciados naturais neste contexto. Por outra banda, sería aconsellable que as nosas informantes neofalantes repetisen o cuestionario en castelán, para poder comprobar se os enunciados que producen nesta lingua presentan a prosodia característica do castelán estándar ou a mesma que a do galego e se se dá, por tanto, un proceso de transferencia directa do galego para o español de Galicia desta área

(Roseano *et alii*, no prelo). Polo que se refire ás interrogativas totais, propoñemos tamén realizar o mesmo cuestionario con informantes de Camelle para que a confrontación dos datos ofrezca resultados máis fiables e ampliar a rede de puntos a outros concellos da Costa da Morte, co fin de coñecer os límites xeográficos desta entoación tan peculiar. E para rematar, pensando en posibles investigacións futuras, queremos incidir tamén na necesidade de estudar os outros índices acústicos da entoación (a intensidade e a duración).

6. Bibliografía

- Carril, Ramón (1973): “Miscelánea. Notas de entonación gallega”, *Revista de Filología Española*, vol. LVI, 1-2, 95-101.
- Castro, Obdulia (2003): “Pitch accent in Galician Spanish”, en Sayahi, Lofti (ed.), *Selected Proceedings of the First Workshop on Spanish Sociolinguistics*. Somerville, MA: Cascadilla Proceedings Project, 43-52
<<http://www.lingref.com/cpp/wss/1/paper1006.pdf>> [02/07/2015].
- Dubert García, Francisco Xosé (2005): “Interferencias del castellano en el gallego popular”, *Bulletin of Hispanic Studies*, vol. LXXXIII, 3, 271-291.
- Elvira García, Wendy (2013a): Blank-TextGrid-creation v.1.
- Elvira García, Wendy (2013b): Visor-corrector de TextGrids.
- Elvira García, Wendy / Roseano, Paolo (2014): Create pictures with tiers v.3.2
- Escourido, Ana *et alii* (2008): “A dimensión prosódica da oralidade: achega dende AMPER”, en Elisa Fernández Rei / Xosé Luís Regueira (eds.), *Perspectivas sobre a oralidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 75-93.
- Escourido, Ana (2009): “A prosodia de Camelle: descrición acústica dunha fala”, *Cadernos de Lingua* 30-31, 75-122.
- Estebas-Vilaplana, Eva / Pilar Prieto (2010): “Castilian Spanish intonation”, en Pilar Prieto / Paolo Roseano (eds.), *Transcription of Intonation of the Spanish Language*. Múnic: Lincom Europa, 17-48.
- Fernández Rei, Elisa (1995): *Aproximación á entoación dos enunciados interrogativos en galego. Estudio acústico*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela (inédita).
- Fernández Rei, Elisa (1997): “Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas totais e parciais en galego”, en Benigno Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, 1, 241-253.

- Fernández Rei, Elisa (2005): “Situación actual das investigacións prosódicas sobre o galego”, *Bolletino dell’Atlante Linguistico Italiano*, III Serie, 29, 147-159.
- Fernández Rei, Elisa *et alii* (2005a): “Achega á entoación dunha fala do centro de Galicia. Contribución para o AMPER”, *Géolinguistique* 3, 87-102.
- Fernández Rei, Elisa *et alii* (2005b): “A entoación dunha fala de Santiago: fronteira prosódica entre suxeito e predicado”, *Estudios de Fonética Experimental*, vol. XIV, 141-165.
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho (2006): “A fronteira xeográfica do Miño: ¿tamén fronteira prosódica?”, en Cristina Mourón / Teresa Moralejo (eds.), *Studies in Contrastive Linguistics. Proceedings of the 4th International Contrastive Linguistics Conference*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 265-276.
- Fernández Rei, Elisa *et alii* (2007): “Caracterización prosódica das interrogativas da Costa da Morte e do Morrazo”, en Manuel González / Elisa Fernández Rei / Begoña González (eds.), *III Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 305-315.
- Fernández Rei, Elisa (2008): “O estudo da prosodia dialectal: contribución galega ao proxecto AMPER”, en Esther Corral Díaz / Lydia Fontoira Surís / Eduardo Moscoso Mato (eds.), *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 459-468.
- Fernández Rei, Elisa / Ana Escourido (2008): “La entonación de las interrogativas totales a lo largo de la costa gallega”, en Adrian Turculet (ed.), *La variation diathopique de l’intonation dans le domaine roumain et roman*. Iasi: Editura Universitatii “Alexandru Ioan Cuza”, 151-166.
- Fernández Rei, Elisa (2011): “La declinación en las interrogativas totales del gallego: estudio perceptivo”, *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, vol. IX, 1, 121-132.

Fernández Rei, Francisco (2003³) [1990]: *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Gugenberger, Eva (2013): “O cambio de paradigma nos estudos sobre contacto lingüístico: pode ser útil o concepto de hibrididade para a lingüística e a política de linguas en España?”, en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 17-47.

Moutinho, Lurdes de Castro / Elisa Fernández Rei (2008): “Do sur da Galiza ao norte de Portugal: unha viaxe a través da frecuencia fundamental”, *Fórum Lingüístico*, vol. V, 1, 63-75.

Moutinho, Lurdes de Castro *et alii* (2009): “Novos contributos para o estudo da fronteira prosódica entre o galego e o portugués europeo”, *Cadernos de Letras da UFF* 39, 67-78.

Palacios, Azucena (2011): “Nuevas perspectivas en el estudio del cambio inducido por contacto: hacia un modelo dinámico del contacto de lenguas”, *Lenguas Modernas* 38, 17-36.

Pérez Castillejo, Susana (2012): “Estudio sociofonético de los tonemas de las interrogativas absolutas en el castellano de Galicia”, *Estudios de Lingüística Universidad de Alicante (ELUA)* 26, 235-268.

Porto Dapena, José Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana, Verba*, anexo 9. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Prieto Alonso, Domingos (1972): “Un sistema fonolóxico trinario do galego e unha teoría da entoación”, *Grial* 38, 431-437.

Prieto, Pilar (2002): *Entonació. Models, teoria, mètodes*. Barcelona: Ariel.

Prieto, Pilar / Teresa Cabré (coords.) (2007-2012): *Atles interactiu de l'entonació del català* <<http://prosodia.upf.edu/atlesentonacio/>> [02/07/2015].

- Prieto, Pilar / Teresa Cabré (coords.) (2013): *L'entonació dels dialectes catalans*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- Ramallo, Fernando (2013): "Neofalantismo", en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 247-260.
- Roseano, Paolo *et alii* (no prelo): "Contacto lingüístico y transferencia prosódica bajo una perspectiva diacrónica: el caso del alguerés", *Dialectologia et Geolinguistica*.
- Sobrino Pérez, María dos Anxos (1997): *A entoación do galego do Baixo Miño. Aproximación descritiva*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela (inédita).
- Sobrino Pérez, María dos Anxos (1999): "A entoación do galego do Baixo Miño. Aproximación descritiva", *Cadernos de Lingua* 20, 97-125.

7. Apéndices

7.1. Informantes

7.1.1. Galegofalantes de lingua inicial galego

GAL01

Idade: 22

Lingua habitual: galego (100%)

Lugar de orixe: Zas

Lugar de orixe da nai: Zas

Lugar de orixe do pai: Zas

Lugar de residencia familiar: Zas

GAL02

Idade: 23

Lingua habitual: galego (95%), castelán (5%)

Lugar de orixe: Dumbría

Lugar de orixe da nai: Trazo

Lugar de orixe do pai: Dumbría

Lugar de residencia familiar: Dumbría

GAL03

Idade: 24

Lingua habitual: galego (100%)

Lugar de orixe: Camariñas

Lugar de orixe da nai: Camariñas

Lugar de orixe do pai: Vimianzo

Lugar de residencia familiar: Camariñas

GAL04

Idade: 21

Lingua habitual: galego (95%), castelán (5%)

Lugar de orixe: Vimianzo

Lugar de orixe da nai: Vimianzo

Lugar de orixe do pai: Zas

Lugar de residencia familiar: Vimianzo

7.1.2. Galegofalantes de lingua inicial castelán

CAST01

Idade: 22

Lingua habitual: galego (60%), castelán (40%)

Lugar de orixe: Zas

Lugar de orixe da nai: Zas

Lugar de orixe do pai: Santiago de Compostela

Lugar de residencia familiar: Zas

CAST02

Idade: 23

Lingua habitual: galego (60%), castelán (40%)

Lugar de orixe: Dumbría

Lugar de orixe da nai: Dumbría

Lugar de orixe do pai: -

Lugar de residencia familiar: Dumbría

CAST03

Idade: 16

Lingua habitual: galego (80%), castelán (20%)

Lugar de orixe: Camariñas

Lugar de orixe da nai: Santiago de Compostela

Lugar de orixe do pai: Camariñas

Lugar de residencia familiar: Camariñas

CAST04

Idade: 22

Lingua habitual: galego (60%), castelán (40%)

Lugar de orixe: Vimianzo

Lugar de orixe da nai: Vimianzo

Lugar de orixe do pai: Cabana de Bergantiños

Lugar de residencia familiar: Vimianzo

7.2. Cuestionario

Nº	TIPO DE ENUNCIADO	CONTEXTO	POSIBLE RESPUESTA
1	Declarativa neutra	Pregúntanche se prefires peras ou laranxas. Respondes que laranxas.	—Laranxas.
2	Declarativa neutra	Pregúntanche que estudas. Respondes que enxeñaría química.	—Enxeñaría química.
3	Declarativa neutra (suxestión?)	Estás facendo a compra cun compañeiro de piso. Estades na froitaría e non sabe se escoller peras ou laranxas e pregúntache que preferirá Olalla. Ti respóndeslle que prefire laranxas.	—Olalla prefire laranxas.
4	Declarativa Enumeración Pechada	Di os días da semana.	—Luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado e domingo.
5	Declarativa Enumeración Pechada	Di as provincias galegas.	—A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
6	Declarativa Enumeración Aberta	Pregúntanche as provincias de Castela e León. Non as lembras todas, só te lembras de Burgos, León e Zamora, pero sabes que hai máis, que non son todas. Enuméraas.	—Burgos, León, Zamora...
7	Declarativa Enumeración Aberta	Di as parroquias que lembres do teu concello.	—Lieiro, Castelo, Trasbar, Rúa...
8	Declarativa Enumeración Aberta	Di o que fas habitualmente as fins de semana.	—Durmo, axúddolles a meus pais na casa, saio cos amigos...
9	Declarativa Elemento Periférico	Imaxina que acabas de coñecer a alguén de Lisboa e resulta que ti viviches alí moitos anos. Como lle dirías?	—Eu tamén vivín moitos anos en Lisboa.
10	Declarativa Focalización Contrastiva	Entras nunha froitaría e dislle á dependenta que che poña un quilo de laranxas. Pregúntache se son limóns o que queres. Dille que non, que o que queres son laranxas.	—Non! Laranxas, quero.
11	Declarativa Énfase	Entras nunha panadaría e chégache un olor a bica/biscoito ou do que estean cocendo moi rico. Disllo á panadeira.	—Que ben ole/cheira!
12	Declarativa categórica	Ti e unha amiga estades falando duns amigos que queren comprar un piso e non saben seguro onde van ir vivir. Ti sabes que van vivir en Santiago. A túa amiga diche que non, que van ir vivir a Vigo, moi segura. Pero ti estás tamén moi segura de que tes razón. Dille, convencida, que non, que van vivir en Santiago.	—Que non, que van vivir en Santiago!
13	Declarativa dubitativa	Un amigo teu encárgache comprarlle un regalo a alguén que case non coñeces e tes medo de non escolleres ben. Dislle que poida que non lle guste, o que lle compres.	—Se cadra non lle gusta...

14	Declarativa de Obviedade	Estás cunha amiga e explícaslle que Olalla, unha amiga común, está embarazada. Ela pregúntache de quen está embarazada. Ti estráñaste moito de que ela non o saiba porque todo o mundo sabe que é do seu compañeiro, Xacobe. Que lle dis?	—Si, muller, de Xacobe!
15	Declarativa disxuntiva	Pregúntanche que fas as fins de semana e ti respondes que vas tomar algo cos amigos ou vas á praia.	Vou tomar algo cos meus amigos ou vou á praia.
16	Exclamativa	Convidante a un cocido e é o mellor que comiches nunca, quedas encantada. Que dis?	—Que bo! Está boísimo!
17	Interrogativa Absoluta Neutra	Entras nunha tenda onde non entraras nunca e preguntas se teñen laranxas.	—Ten laranxas?
18	Interrogativa Absoluta Petición	Estás cunha amiga nunha tenda de roupa. Gústache un abrigo, pero está colgado nun lugar alto e non lle chegas. Mentres sinalas o abrigo, pregúntalle á tua amiga se cho colle.	—Cóllesmo?
19	Interrogativa Absoluta Bigrupa	Chamas por teléfono á casa dunha compañeira que se chama Olalla e non está. Máis tarde volves chamar. Pregúntalles a seus pais se xa está.	—Xa está, Olalla?
20	Interrogativa Absoluta Disxuntiva	Compraches xeados de vainilla e de chocolate polo teu aniversario. Vas á mesa cos dous e pregúntalles aos teus convidados se o queren de vainilla ou de chocolate.	—Que queredes, vainilla ou chocolate?
21	Interrogativa Absoluta Enumeración	Un amigo teu precisa a túa axuda para un traballo. Ti podes irlle axudar luns, martes, xoves ou sábado. Pregúntalle se quere que vayas luns, martes, xoves ou sábado.	—Que día queres que veña: luns, martes, xoves ou sábado?
22	Interrogativa Absoluta Elemento Periférico	Buscas a Olalla e non a atopas. Ves a un compañeiro de clase que sabes que a coñece e pregúntaslle se a viu, pero teslle que aclarar que é Olalla a de Lugo, porque hai moitas Olallas.	—Viches a Olalla, a de Lugo?
23	Interrogativa Absoluta Non Neutra	Estás falando de Olalla con alguén e oes unha persoa que se achega, pero dende a túa posición non ves quen é. Pregunta se é Olalla a que chega.	—Que é, Olalla?
24	Interrogativa Absoluta Exclamativa	O electricista tiña que chegar ás dúas, pero tes que saír comprar e queda o teu compañeiro esperándoo. Cando volves, o electricista aínda non chegou. Toda sorprendida pregúntaslle se aínda non chegou.	—Aínda non chegou!
25	Interrogativa Absoluta Exclamativa	Acabas de xantar cun amigo e ves que se para diante dunha pastelería. Pregúntalle (toda estrañada porque acabades de comer) se ten fame.	—Tes fame?
26	Interrogativa Absoluta Confirmatoria	Xacobe dixo que ía vir cear. Aínda que estás segura de que vai vir, pregúntallo para confirmalo.	—Vés cear, non?

27	Interrogativa Absoluta Confirmatoria	Unha amiga túa vén á túa casa á hora do café. Diche que non xantou e ti ofrécéslle o que quedou do teu xantar, pero ela non acepta. Estades falando e ves que cada pouco colle un pouco de pan, unha froita... Parece claro que ten fame. Pregúntalle se ten fame.	—Tes fame?
28	Interrogativa Absoluta Imperativa	Os teus sobriños fan moito barullo e non che deixan oír a televisión. Pregúntalles se van calar.	—Calades? Podedes calar?
29	Interrogativa Absoluta Petición	Pregúntalle a un amigo se quere vir tomar algo contigo.	—Vés tomar algo?
30	Interrogativa Absoluta Petición	Pregúntalles aos teus sobriños pequenos se queren un caramelo.	—Queredes un caramelo?
31	Interrogativa Absoluta Retórica	Queres tranquilidade, pero estás no medio dun barullo impresionante. Pregúntate a ti mesma se non haberá nunca tranquilidade nesta casa.	—Non haberá un día de tranquilidade nesta casa?
32	Interrogativa Parcial Neutra	Tes que viaxar a París e quereslle comprar un regalo a unha persoa que non coñeces case e con quen queres quedar ben. Queres que un amigo teu te aconselle e pregúntaslle que lle traería.	—Que lle traerías?
33	Interrogativa Parcial Neutra	Un amigo teu dedícase a vender pisos e di que vendeu unha casa que había tempo que estaba á venda. Pregúntalle quen a comprou.	—Quen a comprou?
34	Interrogativa Parcial Bigrupa	Unha veciña túa explícache que veu un señor para facer unha revisión da instalación do gas e que non lle deixou entrar porque non ten cartos para pagarlle. El díxolle que volvía para o outro día. Pregúntalle que lle vai dicir, se volve.	—Que lle vas dicir, se volve?
35	Interrogativa Parcial Enumeración	A túa filla diche que esta noite vai ir de festa. Ti estás entre enfadada e preocupada e queres saber todos os detalles. Pregúntalle onde vai, con quen vai e a que hora volve?	—Onde vas, con quen vas e a que hora volves?
36	Interrogativa Parcial Elemento Periférico	Atopas un paquete na túa casa. Estás cos teus compañeiros de piso, Xacobe e Olalla, pero non os tes ó teu carón. Pregúntalle a Xacobe quen o trouxo.	—Quen o trouxo, Xacobe?
37	Interrogativa Parcial Exclamativa	Un amigo teu fállache dun coñecido que lle debe moitos cartos ao banco e aínda pide máis préstamos. Pregúntalle (con sorpresa porque xa sabías que debía moitos cartos) cantos cartos vai acabar debendo!?	—Cantos cartos vai acabar debendo!?
38	Interrogativa Parcial Dubitativa	Ás dúas da mañá petan na porta e ti xa estás durmindo. Espértante. Pregúntate quen debe ser a esas horas.	—Quen será a estas horas?

39	Interrogativa Parcial Imperativa	Pídeslle a un irmán que che faga un traballo e non estás moi segura de que cho faga, porque outras veces xa llo pediches e non che axudou. Pregúntalle, medio enfadada, cando cho vai facer.	—Cando mo vas facer?!
40	Interrogativa Parcial Exhortativa	Tes moita gana de que uns amigos veñan comer á túa casa. Medio suplicando (porque xa che dixeron que non poden vir) pregúntalles por que non veñen.	—Por que non vides?
41	Interrogativa Parcial Imperativa	Alguén che tira da camisa por dúas veces e cando te viras non ves a ninguén. Finalmente, cando xa che tiran dela por terceira vez, ves que é un coñecido moi pesado que sempre te amola e que cando te atopa non te deixa máis. Enfadada, pregúntalle que quere.	—Que queres!?
42	Interrogativa Parcial Retórica	Dixécheslles aos que traballan contigo que fixesen unha cousa mentres ti non estabas e ao chegar descubres que non o fixeron porque estaban á túa espera. Pregúntate a ti mesma que farían sen ti.	—Que farían sen min?
43	Interrogativa Reiterativa Absoluta	Dinche a hora pero non a acabaches de entender. Pensas que che dixeron a unha. Volve preguntar se dixeron que era a unha.	—Que dixeches, que é a unha?
44	Interrogativa Reiterativa Parcial	Preguntáronche onde vas, pero non sabes se entendiches ben. Pregunta se é iso o que che preguntaron.	—Que me preguntaches, onde ía?
45	Interrogativa Reiterativa Disxuntiva	Pregúntanche por onde viñeches, pero non sabes se entendiches iso, por onde viñeches, ou se che preguntaron por onde entraches. Pregunta se che preguntaron unha cousa ou a outra, é dicir, por onde viñeches ou por onde entraches.	—Que me preguntaches, por onde vin ou por onde entrei?
46	Interrogativa Reiterativa Elemento Periférico	Dinche que unha compañeira túa, Olalla, quere vir de excursión (e ti sabes que ela normalmente non vén a esas cousas). Non o acabas de crer e preguntas se é efectivamente Olalla, a que quere vir.	—É Olalla, a que quere vir?
47	Interrogativa Reiterativa Focalizada	Dinche que un compañeiro teu, Xacobe, se presenta para alcalde. Non o acabas de crer e volves preguntar.	—Xacobe, preséntase a alcalde?
48	Interrogativa Reiterativa Exclamativa	A túa veciña explícache que vai ir a un restaurante cear e que vai pedir coello guisado. Afirma toda convencida que lle van dar gato en lugar de coello. Non o acabas de crer. Pregúntalle que lle van dar (moi estrañada).	—Que che van dar?
49	Imperativa Neutra	Estás comendo coa túa familia. Dille a teu irmán que che pase o pan.	—Pásame o pan.

50	Imperativa Neutra	Estás no parque coa túa sobriña. Corre e afástase. Ti tes medo porque pola rúa que hai ao lado do parque pasan moitos coches. Dille que veña.	—Ven!
51	Imperativa de Rogo	Queres ir ao cine cun amigo. Diche que ten traballo, pero ti sabes que pode deixalo para o mes seguinte. Como farías para convencelo?	—Ven, ho!
52	Vocativo	Entras na casa dunha amiga túa, Olalla, pero cando estás dentro non a ves. Pensas que debe estar no seu cuarto. Chámaa.	—Olalla!
53	Vocativo	Pasan dous segundos e non sae ninguén. Pensas que pode estar no piso de arriba e vólvela chamar.	—Olalla!
54	Vocativo de insistencia	Estás cunha compañeira de piso, Olalla, e ides saír porque quedastes con outros amigos para tomar algo. Ti non queres chegar tarde, pero Olalla está no ordenador (mirando fb ou twitter) e non dá arrancado. Xa a chamaches varias veces, diche que vai, pero non o fai. Volve insistir.	—Olalla!